



- Ruta Camiño Inglés
- Camiño Inglés Xacobeo
- Traxecto común
- ▭ Áreas de interese histórico
- A Antiga área de desembarco de peregrinos
- B Zona de achados arqueolóxicos
- C Emprazamento orixinal da Igrexa de Santa Lucía
- D Illa dos Xudeus
- 🗺 Turismo Coruña: Oficinas de información
- 📍 Outras oficinas de turismo



- N-VI LUGO MADRID
- N-651 FERROL
- N-550 SANTIAGO



## Notas históricas do Camiño Inglés na Coruña

Pódese dicir que a relación da Coruña coas peregrinacións por vía marítima a Santiago comezou, de xeito paradoxal, antes do nacemento da propia cidade.

De certo, é ben coñecida a fama da **Torre de Hércules** desde a Antigüidade Tardía e na Alta Idade Media. Esa fama e a súa singularidade combináronse coa súa función topográfica, xa que cumpriu un papel de baliza referencial para indicar a todos os navegantes un dos enclaves estratéxicos do litoral noroeste e, a maiores, a proximidade da **Igrexa de Santiago**.

Atoparemos un dos primeiros testemuños no mapamundi do Beato de Burgo de Osma, elaborado cara ao ano 1086. Este representa, en fronte dunha esquemática *Britannia*, o **Faro** como inmediata construción á Igrexa que acollía, segundo a tradición, os restos de Santiago o Maior.

A visión do faro serviu tamén a diversos continxentes de cruzados camiño de Xerusalén para que, ao divisalo, fixesen unha parada en Galicia para peregrinaren ata o templo xacobeo.

Co nacemento da cidade propiamente dita, a partir de 1208, o vínculo da Coruña con Santiago como principal fito da navegación e das peregrinacións por vía marítima cara a Compostela, non fixo máis que se intensificar.

Ao principio, no século XIII, esta relación foi algo tímida. Pola contra, converteuse en clara e vigorosa entre mediados do século XIV e ata finais da Idade Media. Dos peregrinos que seguiron as rutas marítimas para desprazárense ata A Coruña como porto de arribada principal e dirixírense a Santiago destacaron, especialmente, os peregrinos ingleses, aínda que tamén foi ruta empregada por escandinavos, alemáns e flamencos.

Os historiadores que estudaron o fenómeno das peregrinacións inglesas por vía marítima están en disposición de afirmar que, en varios anos dos séculos XIV e XV, o número de peregrinos ingleses foi superior ás cifras rexistradas na actualidade. É unha proba obvia da transcendencia do fenómeno tanto para A Coruña como para Santiago.



Interpretación do antigo Faro a partir de textos e gravados (S. XVIII) de José Comide e Henrique Fíórez



Actual Torre de Hércules



## Ruta urbana do Camiño Inglés

Os peregrinos desembarcaban na zona do **Parrote**. É posible que non houbera instalacións portuarias propiamente ditas. Os navíos quedarían ancorados na baía, trasladando aos pasaxeiros en lanchas ata as zonas de desembarco que debían de concentrarse nesta área. Aquí estaría o arranque do **Camiño Inglés** como ruta terrestre. O tándem conformado pola **Rúa Tabernas** e a **Igrexa de Santiago** marcaría, sen dúbida, o inicio deste Camiño. Con todo, propoñemos que a ruta **Camiño Inglés-Coruña** teña o seu primeiro percorrido desde o **Parrote** ata a **Torre de Hércules**.

É moi improbable que os peregrinos medievais fixesen este percorrido pero, tendo en conta a estreita relación xa comentada entre a navegación ata A Coruña e o faro, máis o feito de se tratar dun monumento singular, xustifícase que a peregrinación aproveite hoxe en día este traxecto.

A nosa suxestión é seguir a vía que marca o **Paseo Marítimo** e, ao chegar á altura do

**Club do Mar**, desviarse cara á **Praia de San Amaro** para continuar ata a Torre, pasando polo **Parque Escultórico** da zona. As lendas marítimas e o marco xeográfico poden servir para que o peregrino de hoxe tome conciencia das peculiaridades que a navegación tiña nestas datas.

Visitada a Torre, aconséllaselles aos peregrinos que volvan polo mesmo sitio e se desvíen pola **Maestranza** para se deteren no **Xardín de San Carlos**. Este é o fósil director da principal fortaleza da cidade durante a Idade Media. Moi preto deste, os peregrinos poden visitar as dúas **portas marítimas** que sobreviviron, testemuño dos puntos de desembarco que usaban os peregrinos medievais.

Desde aquí chégase á **Rúa Tabernas**, onde os peregrinos medievais, tras facer unha travesía que todas as fontes definen como enormemente incómoda, querían sen dúbida avituallarse daqueles bens que necesitaban para proseguiren a Santiago, á vez que poderían repoñer forzas.

Recoméndase a visita da **Igrexa de Santiago**. Templo do románico tardío, a súa advocación é unha proba máis da vinculación histórica entre A Coruña e o xacobeo.

A partir deste punto os peregrinos medievais iniciaban un camiño apenas urbano, xa que a cidade e o seu principal arrabalde, a **Pescadería**, acababan aos poucos metros. Naqueles tempos o camiño debía de discorrer xunto ao mar. Hoxe en día discorre por **María Pita**, **Rego de Auga** e **Rúa Real**.

A saída aos **Cantóns** é unha ocasión para atoparse coa cidade nacida desde finais do XIX e principios do XX. Unha cidade que foi gañando terreo ao mar e afastándose, xa que logo, do modelo medieval. Chégase á **Praza de Ourense**, en cuxas proximidades estaba a **Igrexa de Santa Lucía**, xa nos arredores da cidade de entón e que marcaba a ruta de saída.

A travesía leva agora ata a **Praza da Palloza**. Preto de aquí estaba a coñecida como **Illa dos Xudeus**, onde foron achadas lápidas

hebreas conservadas no **Museo Arqueolóxico Nacional**. Non hai que esquecer que William Wey, ilustre peregrino que deixou un pomemnorizado relato da súa peregrinación por vía marítima a Santiago no ano 1456, dedica un dos seus días de estancia na nosa cidade a un encontro coa comunidade xudía aquí radicada.

Desde a **Costa da Palloza** seguirase o itinerario oficial. Primeiro avanzando polo barrio de **Cuatro Caminos**, chégase á estación de autobuses por **Fernández Latorre**, para seguir logo polas avenidas de **Pérez Ardá** e **Monelos**, ata chegar aos altos de Eiris. Desde alí camiñárase cara o límite límite municipal con Culleredo pola **Carretera de Eiris** e as avenidas de **Montserrat**, **Pedralonga** e **González Garcés**, pasando cerca da antiga **Fábrica de Armas**.